



ASUNTO: MODIFICACIÓN DA XORNADA DOS DÍAS 4 DE MARZO E 5 DE MARZO DE 2025

Con motivo da celebración das festas do Entroido, modifícase a xornada dos vindeiros días 4 de marzo e 5 de marzo, para os empregados públicos da Xunta de Galicia, nos seguintes termos:

a. Horario oficial:

A hora de saída o martes 4 de marzo de 2025 será ás 14:00 horas e a de entrada o mércores 5 de marzo de 2025 será ás 9:00 horas.

b. Horario de flexibilidade automática:

A hora de saída o martes 4 de marzo de 2025 será as 14:00 horas, quedando reducida en 30 minutos a parte fixa e en 45 minutos a parte flexible do horario.

A hora de entrada o mércores 5 de marzo de 2025 será as 9:00 horas, quedando reducida nunha hora e quince minutos a parte flexible do horario.

c. Horario flexibilidade conciliación:

A hora de saída o martes 4 de marzo e o de entrada o mércores 5 de marzo de 2025 queda reducida nunha hora e quince minutos dentro da franxa horaria autorizada pola correspondente Secretaría Xeral/Secretaría Xeral Técnica na resolución de concesión de flexibilidade por conciliación.

Todo isto sen prexuízo do gozo do día que coincida cun festivo local.

Prégolle dea traslado desta comunicación aos órganos de dirección dependentes desa consellería coa finalidade de dar a máxima difusión desta circunstancia ao persoal.

Na data da sinatura electrónica

